XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación de Linguaxe Musical

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia: LINGUAXE MUSICAL

Curso: 2026-2027

Renata Gago Romero, Soledad Pérez Pintos, Belén Rouco López, Estefanía Vicente Rodríguez.



Índice

1. Introdución....4
2. Metodoloxía....5
3. Atención á diversidade....6
4. Temas transversais....6
4.1 Educación en valores....7
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)....7
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas....8
6. Secuenciación do curso....9
6.1 Curso: 1º de Grao Elemental....9
6.1.1 Obxectivos....9
6.1.2 Contidos....10
6.1.3 Avaliación....13
6.1.4 Medidas de recuperación....17
6.1.5 Recursos didácticos....18
6.2 Curso: 2º Grao Elemental....19
6.2.1 Obxectivos....19
6.2.2 Contidos....20
6.2.3 Avaliación....23
6.2.4 Medidas de recuperación....27
6.2.5 Recursos didácticos....28
6.3 Curso: 3º Grao Elemental....29
6.3.1 Obxectivos....29
6.3.2 Contidos....30
6.3.3 Avaliación....33
6.3.4 Medidas de recuperación....37
6.3.5 Recursos didácticos....39
6.4 Curso: 4º Grao Elemental....40
6.4.1 Obxectivos....40
6.4.2 Contidos....40
6.4.3 Avaliación....43
6.4.4 Medidas de recuperación....47
6.4.5 Recursos didácticos....48
6.5 Curso: 1º Grao Profesional....49
6.5.1 Obxectivos....49
6.5.2 Contidos....50
6.5.3 Avaliación....52
6.5.4 Medidas de recuperación....56
6.5.5 Recursos didácticos....58
6.6 Curso: 2º Grao Profesional....58
6.6.1 Obxectivos....58
6.6.2 Contidos....59

6.6.3 Avaliación....61
6.6.4 Medidas de recuperación....65
6.6.5 Recursos didácticos....67
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .68
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento. . . .68
9. ANEXOS....69
9.1 Probas puntuais....69
9.1.1 Curso 1º Grao Elemental....69
9.1.2 Curso 2º Grao Elemental....69
9.1.3 Curso 3º Grao Elemental....70
9.1.4 Curso 4º Grao Elemental....71
9.1.5 Curso 1º Grao Profesional....72
9.1.6 Curso 2º Grao Profesional....72
9.2 Probas de acceso a 1º Grao Profesional....73
9.3 Probas de acceso a outros cursos....75
9.3.1 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º Grao Elemental....75
9.3.2 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º Grao Profesional....77
9.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao....79
9.5 Rúbrica de avaliación continua G.E. (avaliacións trimestrais)....80
9.6 Rúbrica de avaliación continua G.P. (avaliacións trimestrais)....81
9.7 Rúbrica de avaliación puntual....82
9.8 Rúbrica de valoración para o acceso a 1º curso de G.P....84
9.9 Rúbrica de avaliación para o acceso a calquera curso de G.E....85

1. Introdución

A Linguaxe Musical é unha materia común en todas as especialidades instrumentais nos catro cursos de Ensinanzas Elementais e nos dous primeiros de Ensinanzas Profesionais.

A súa función principal dentro do currículo baséase na súa interrelación, a través da comprensión dos elementos musicais que se reflicten nas partituras do instrumento e contribúe a promover a autonomía do alumnado no estudo da práctica instrumental.

A finalidade da Linguaxe Musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, de tal xeito que o código musical se converta nun instrumento útil e eficaz de comunicación e representación, aspectos básicos que integran a práctica musical igual que en toda actividade lingüística.

A aprendizaxe, baseada na práctica sistemática, proponse como metas catro capacidades esenciais que son: saber cantar, saber escoitar, saber ler e saber escribir, establecendo dito proceso de acordo coa orde: facer, oír / sentir, recoñecer / entender. A práctica da memoria musical consolida aspectos como a creatividade, interpretación, improvisación como aspectos inherentes á iniciación musical.

O tratamento do folclore musical materializa a capacidade analítica e tende á sensibilidade e respecto cultural.

A presentación dos contidos céntrase sobre tres eixes: fundamentos do tratamento da voz, fundamentos do tratamento do ritmo e audición.

Esta programación procura unha interiorización musical significativa mediante a secuenciación progresiva e integral, adaptándose ás características propias das etapas de madureza do alumnado.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo dedicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2. Metodoloxía

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), a dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativa: de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

Principios metodolóxicos específicos da materia:

O eixe desta materia é o desenvolvemento das capacidades auditivas, vocais, rítmicas, expresivas e psicomotrices, fundamentalmente na etapa inicial de aprendizaxe musical. O departamento orienta a súa función docente cara a unha ensinanza globalizada das catro áreas da materia de Linguaxe Musical (lectura rítmica e entoada, teoría e audición) relacionadas de xeito directo coa promoción na práctica instrumental.

A presentación activa dos contidos, unindo teoría e práctica, xerará un ambiente óptimo de aprendizaxe, favorecendo a interiorización significativa en espiral ou por

descubrimento e a motivación. O traballo colaborativo favorecerá a adquisición das diferentes competencias e a transferencia para evitar a fragmentación dos coñecementos.

3. Atención á diversidade

O profesorado velará por un espazo inclusivo atendendo ás diferentes casuísticas do alumnado en cuestións como o ritmo de aprendizaxe, os intereses, os coñecementos previos, a avaliación inicial. Para procurar a interiorización dos contidos realizaranse actividades de reforzo, ampliación e motivación. A programación é un documento aberto a modificacións metodolóxicas para garantir a atención individualizada de todo o alumnado a pesar da natureza colectiva desta materia. Este centro acolle alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

O profesorado deberá remitirse ás medidas que se levarán a cabo detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4. Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como

a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1 Educación en valores

A educación musical optimiza o desenvolvemento integral do alumnado fortalecendo aspectos como rexeitar calquera tipo de discriminación de sexo, raza, clase social, ideoloxía e categoría profesional, sendo estes competencia da Educación para a Paz, Igualdade e prevención da violencia de xénero. Este concepto materialízase na aula a través do traballo de músicas do mundo ou coa planificación de concertos de carácter solidario.

O estudo das Ensinanzas Artísticas está estritamente relacionado coa cenestesia, polo que aspectos como a corrección postural, a respiración consciente no canto ou na interpretación instrumental son aspectos que favorecen a Educación para a saúde.

A Educación ambiental maniféstase tomando conciencia da contaminación acústica e do respecto polo medio ambiente e o consumo, promovendo un uso responsable do material que se precisa nesta materia.

A música é o acervo cultural de todos os pobos polo que é necesario conservar este patrimonio facendo fincapé no folclore máis achegado, valorando aspectos inicialmente descoñecidos.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así como calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.

Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recompile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e as súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recompilen nin fagan uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).

Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recompile ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

Esta área de coñecemento permite a utilización de ferramentas dixitais que complementan a instrución docente, tanto no grao elemental como no profesional. O uso das TIC na aula de Linguaxe Musical favorece o pensamento crítico, fortalece o dominio cognitivo, actitudinal e condutual do alumnado. Na iniciación musical promove o descubrimento e, en etapas posteriores, o desenvolvemento, perfeccionamento e a investigación musical potenciando a acción educativa.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso, as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6. Secuenciación do curso

Esta materia impártese en todos os cursos do Grao Elemental (de 1º a 4º) e do Grao Profesional (1º ata 2º).

6.1 Curso: 1º de Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

O-E1 Adquirir unha correcta emisión da voz para a reprodución melódica, tomando o canto como actividade fundamental e imprescindible para a práctica instrumental.

O-E2, E3, E4, E5, E10 Desenvolver a entoación a 1ª vista e potenciar a memoria mediante o canto de melodías e cancións.

O-E6, E7, E8 Interpretar pezas en grupo mediante o canto e a práctica instrumental para escoitar outras voces e adaptarse ao conxunto.

O-E9 Cantar pezas interpretando articulacións e matices dinámicos.

O-E11 Improvisar, con proposta previa, fragmentos melódicos aplicando os coñecementos adquiridos.

O-R1 Asimilar conscientemente o pulso e o acento.

O-R2, 3, 5, 6, 11 Dominar os diferentes compases e fórmulas rítmicas específicas en pulso binario e subdivisións binaria e ternaria.

O-R 4, 12 Ler en clave de sol en 2ª liña e máis na propia do instrumento, se fose outra.

O-R7, 8, 9, 10, 14 Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos aplicando aspectos relativos ao movemento, tempo musical e feitos rítmicos característicos.

O-R13 Aplicar movementos de marcha ou percusión corporal/instrumental para lograr destreza psicomotriz e disociación rítmica.

O-R15 Desenvolver a lectura a 1ª vista.

O-R16 Improvisar, con proposta previa, ritmos aplicando os coñecementos adquiridos.

O-A1,2 4 Reproducir, oralmente ou por escrito, fórmulas rítmicas e melódicas.

O-A3 5, A6 Identificar, oralmente ou por escrito, aspectos da tonalidade, modalidade e as funcións de tónica e dominante.

O-A3,A7 Recoñecer auditivamente parámetros melódicos, rítmicos, formais, tímbricos e outros en audicións propostas.

Para todos os contidos teóricos:

O-T1 Desenvolver a creatividade musical creando melodías, ritmos, cancións, favorecendo a transferencia dos coñecementos adquiridos.

O-T2 Coñecer a estrutura formal básica dunha obra ou fragmento.

O-T3 Aprender a teoría musical básica.

O-T4 Traballar a escritura musical.

O-T5 Aplicar os coñecementos musicais adquiridos de forma autónoma para analizar o repertorio do seu instrumento dende o punto de vista rítmico, melódico e expresivo.

O-Act1 Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesorado e os materiais da aula.

O-Act2 Desenvolver a responsabilidade e a autodisciplina necesarias para adquirir un hábito de estudo diario fomentando un enfoque proactivo cara á aprendizaxe da linguaxe musical

6.1.2 Contidos

ENTOACIÓN:

C-E1 Práctica de exercicios de respiración e relaxación, de emisión con atención á afinación, calidade do son e articulación.

C-E2 Práctica, identificación e sensibilización vocal de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais.

C-E3 Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos entre os sons naturais.

C-E4 Entoación dos intervalos melódicos simples contidos na escala de Do M e introdución ao modo menor (3º trimestre)

C-E5 Práctica da escala e arpexo de Do M (*) e La m (3º trimestre)

C-E6 Sensibilización e práctica vocal dos semitóns, mi-fa, si-do (2º trimestre)

C-E7 Entoación consciente de melodías ou fragmentos a unha ou dúas voces cos elementos traballados.

C-E8 Interpretación vocal de obras en DO M con ou sen texto, con ou sen acompañamento. (*)

C-E9 Identificación e interpretación de articulacións e matices dinámicos.

C-E10 Reprodución memorizada vocal de fragmentos melódicos ou cancións en Do M (dous por trimestre).(*)

C-E11 Improvisación de fragmentos melódicos cos elementos dados.

RÍTMICOS:

C-R1 Identificación e interiorización do pulso e o acento.(*)

C-R2 Práctica de compases de 2/4 e 3/4 (*). O compás de 4/4 (2º trimestre) e 6/8 (3º trimestre)

C-R3 Identificación e lectura de fórmulas rítmicas básicas en pulso binario e ternario: figuras redonda, branca, negra, corchea e semicorchea e os silencios ata o de corchea.(*)



C-R4 Ligadura de unión.



(2º trimestre)

C-R5 Iniciación ao compás de 6/8.(3º trimestre)

C-R6 Identificación e lectura de fórmulas rítmicas básicas en subdivisión ternaria: branca con punto, negra con punto, o seu silencio e tres corcheas.(3º trimestre)



C-R7 Lectura de fragmentos rítmicos e melódicos (*)

C-R8 Lectura de notas en clave de Sol (*). A clave de Fa horizontal e vertical e no instrumento do alumno. (2º trimestre)

C-R9 Identificación e interpretación de signos de prolongación (punto, ligadura e calderón).

C-R10 Identificación e interpretación de termos de tempo (Adagio, Andante, Allegro, Presto).

C-R11 Práctica e identificación de cambios de compás de subdivisión binaria con equivalencia pulso = pulso.

C-R12 Iniciación á lectura rítmica interválica no resto das claves.

C-R13 Realización de ritmos simultáneos como axuda ao desenvolvemento da psicomotricidade e da independencia motriz.

C-R14 Identificación e práctica de feitos rítmicos característicos: síncope, anacruse e notas a contratempo.(3º trimestre)

C-R15 Práctica da lectura a primeira vista.

C-R16 Improvisación rítmica con proposta previa.

AUDITIVOS:

C-A1 Identificación auditiva dos sons da escala e arpexo de Do M.

C-A2 Discriminación auditiva dos semitóns.

C-A3 Discriminación auditiva e escrita das calidades do son: agudos – graves, longos – breves, forte – débil, timbres.

C-A4 Identificación e reprodución oral e/ou escrita das fórmulas rítmicas (ata a semicorchea) e melódicas (escala e arpexo de Do M).

C-A5 Sensibilización de elementos básicos: tonalidade, modalidade.

C-A6 Sensibilización e introdución ás funcións tonais de tónica e de dominante.

C-A7 Recoñecemento de parámetros melódicos, tímbricos, formais a través de audicións.

TEÓRICOS:

C-T1 Elementos teórico-prácticos básicos (pentagrama, as claves, as notas, as figuras das notas e os silencios ata a semicorchea, liñas divisorias, dobre barra, as liñas adicionais) e as normas de escritura musical (a caligrafía musical).

C-T2 Instrumentos musicais.

C-T3 Calidades do son.

C-T4 Compás 2/4 e 3/4; O compás 4/4(2º trimestre) 6/8 (3º trimestre).

C-T5 Frase musical: pregunta-resposta

C-T6 Signos de prolongación.

C-T7 Situación dos semitóns.(3º trimestre)

C-T8 Alteracións propias, accidentais e de precaución.(3º trimestre)

C-T9 Tonalidade: escala diatónica e modalidade.(3º trimestre)

C-T10 Termos de tempo.

C-T11 Matices: dinámicos e agóxicos.

C-T12 Signos de articulación.(2º trimestre)

C-T13 Signos de repetición.

C-T14 Cambios de acentuación: síncope, nota a contratempo e anacruse.(3º trimestre)

C-T15 Clave de Fa en 4ª liña.(2º trimestre)

ACTITUDINAIS (comúns para os tres trimestres)

C-Act1 Respecto polo Espazo de Aprendizaxe (compañeiros, mestres, materiais…).

C-Act2 Adquisición de estratexias de estudo e compromiso co hábito de traballo diario.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo do curso.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.1.2., son considerados contidos mínimos para superar o primeiro curso.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CE-E1, E2, E4, E5 **Entoar a escala diatónica de Do M e arpexo de tónica (*)** e **reproducir series melódicas derivadas destas(*)**, igual que La menor; valórase o coñecemento e afinación da escala e arpexo e a correcta emisión da voz.

CE-E3, E6, E8, E9 **Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, nas tonalidades de Do M(*)**e La m, de aproximadamente oito compases, aplicando indicacións expresivas (matices e articulacións).

CE-E7, E10 **Reproducir cancións memorizadas a unha voz (Do M*)** e dúas voces.

CE-E11 Improvisar fragmentos melódicos onde se vexan integrados os coñecementos adquiridos.

CE-R1, R2, R3, R4, R5, R6, R11 **Manter o pulso constante durante a realización dos exercicios e en períodos breves de silencio, poñendo en práctica os compases de subdivisión binaria (2/4 e 3/4*)** e ternaria e as súas particularidades.

CE-R7,R8, R12, R 14 **Interiorizar e executar vocalmente, xunto coa lectura das notas en clave de Sol(*)** en clave de Fa e na propia do instrumento, mediante a percusión ou instrumentalmente, fragmentos rítmicos que inclúan os contidos do curso, atendendo aos termos de movemento e tempo.

CE-R9, R10, R15 Executar ou cantar pezas a primeira vista.

CE-R13 Executar ritmos simultáneos sinxelos coas dúas mans, avaliando o grao de destreza psicomotriz.

CE-R16 Improvisar motivos ou pequenos fragmentos con proposta previa de contidos interiorizados.

CE-A1,A4 Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados: atendendo a parámetros exclusivamente rítmicos e atendendo a parámetros exclusivamente melódicos. Atendendo a ambos os parámetros en fragmentos máis sinxelos.

CE-A2, A3, A4 Identificar auditivamente movementos melódicos ascendentes, descendentes e sons iguais, así como os contidos rítmicos traballados durante o curso e recoñecer auditivamente a diferenza entre ton e semitón.

CE- A4 Recoñecer auditivamente o pulso, acento e o ritmo dunha obra ou fragmento, percutindo cada un deles durante a audición ou o canto de cancións memorizadas previamente, incluíndo cambios sinxelos de compás con equivalencia pulso a pulso, 2/4, 3/4, 4/4 comprobando a percepción do acento.

CE-A5, A6 Recoñecer auditivamente a diferenza entre o modo maior e o menor e as funcións tonais e cadencias derivadas.

CE-A7 Recoñecer auditivamente a través da escoita de audicións parámetros melódicos, tímbricos e formais

CE-T1,T4,T5 Desenvolver a creatividade musical a través de pequenas composicións con proposta previa.

CE-T1,T3,T6,T7,T8,T9,T10,T11,T14 Expresar verbalmente ou por escrito empregando unha boa caligrafía na escritura musical os conceptos teórico-prácticos traballados no curso e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios sinxelos.

CE-T2,T4,T5,T12,T13 Analizar o repertorio do seu instrumento dende o punto de vista rítmico, melódico e expresivo valorando a aplicación dos coñecementos musicais adquiridos de forma autónoma.

CE-Act1 Valorar o respecto polos Espazos de Aprendizaxe e asumir como propias actitudes acordes cos valores do centro.

CE-Act2 Amosar a adquisición de estratexias de estudo que permitan resolver as situacións de aprendizaxe creadas na aula.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados como **CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE(*)**

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.1.3., son considerados criterios mínimos para superar o primeiro curso:

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase **unha avaliación inicial,** na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no

referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- **Observación directa e seguimento nas sesións de clase**, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** e rúbrica de avaliación (ver anexo 9.5).
- Probas puntuais de nivel, obrigatorias para o alumnado que non supere o 5 no trimestre e opcionais para o resto, a criterio do profesorado (ver anexo 9.7).

  Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. **A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5 sobre 10 no trimestre**. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes (anexos 9.5 , 9.6)

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

27 % LECTURA RÍTMICA

27 % ENTOACIÓN

18 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO

18 % TEORÍA

10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA

Tendo en conta os criterios de cualificación, a cualificación trimestral xeral será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación (50%) e a

aplicación da rúbrica de avaliación continua (Anexo 9.5), nos casos precisos e coas evidencias recollidas no caderno do profesor/a na súa observación na aula (50%).

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en catro partes (ver anexo 9.1.1): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica, que avaliarán os contidos establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba de avaliación constará de catro partes (ver anexo 9.1.1): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN:30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos non superados do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de catro partes (ver anexo 9.1.1):lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

30% ENTOACIÓN

30% LECTURA RÍTMICA

20% AUDICIÓN

20% TEORÍA

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexo 9.7).

6.1.5 Recursos didácticos

O libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos son os métodos dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda: *Teoría y Práctica del Lenguaje Musical I. Ediciones Si bemol S. L.*

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

6.2 Curso: 2º Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

O-E1 Adquirir unha correcta emisión da voz para a reprodución melódica.

O-E2 Entoar movementos melódicos (ascendentes, descendentes e iguais), intervalos, escalas, acordes e alteracións accidentais tanto dentro do contexto tonal coma de maneira illada.

O–E3 Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos correspondentes ao nivel do curso.

O–E4 Desenvolver a entoación a 1ª vista.

O-E5 Saber entoar en grupo melodías sinxelas a dúas voces.

O-E6 Conseguir improvisar secuencias melódicas conforme aos contidos deste curso.

O-E7 Memorizar un repertorio de obras traballadas na clase.

O-R1 Dominar os diferentes compases específicos dos contidos e traballar patróns rítmicos específicos en diferentes compases.

O-R2 Adquirir soltura na lectura de fragmentos rítmicos correspondentes ao nivel do curso.

O-R3 Saber ler en clave de sol e fa en 4ª, máis na propia do instrumento, se fose outra.

O-R4 Desenvolver a lectura e entoación a 1ª vista.

O-R5 Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia.

O-R6 Realizar as articulacións e as dinámicas requiridas tanto na lectura rítmica como na entoación.

O-R7 Conseguir improvisar secuencias rítmicas conforme aos contidos deste curso.

O-A1 Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (melódico, rítmico, formal).

O-A2 Representar graficamente fragmentos musicais, escoitados ou previamente memorizados, mediante ditado cunha escritura correcta acorde aos contidos do curso.

O-T1 Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da linguaxe musical.

O-T2 Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica.

O-T3 Aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos.

O-T4 Relacionar os coñecementos que se adquiren na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.

O-Ac1 Comprender a importancia do esforzo e traballo individual, creando pautas para un estudo sistemático.

O-Ac2 Adquirir o hábito de estudo diario.

6.2.2 Contidos

ENTOACIÓN:

C–E1. Práctica de exercicios de respiración e relaxación, de emisión con atención á afinación, calidade do son e articulación da voz.

C–E2: Práctica, identificación e sensibilización vocal de:

(1) Movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais.

(2) Entoación interválica de: ton, semitón, saltos de 3ª, 4ª, 5ª e 8ª xusta.

(3) Práctica da alteración accidental.

(4) Entoación de melodías empregando a escala maior e a escala menor natural e harmónica.

(5) Sensibilización e práctica da tonalidade e modalidade.

C-E3. Interpretación vocal de melodías ou fragmentos melódicos con ou sen texto, con ou sen acompañamento, con tonalidades ata dúas alteracións **en modo maior e/ou menor (ata unha alteración *) baseados nas funcións de I-IV-V.**

C-E4. Entoación a primeira vista.

C-E5. Incorporación da entoación a dúas e tres voces.

C-E6. Improvisación melódica con proposta previa (pregunta-resposta)

C-E7. Memorización de obras do repertorio (ata cunha alteración modo maior ou modo menor/unha obra por trimestre*)

RÍTMICOS:

C-R1 Práctica, identificación e coñecemento de:

(1) Compases: C(*) 6/8,(*2º trimestre),3/8 (3º trimestre)

(2) Síncope, anacruse e notas a contratempo. (*)

(3) Figuras e fórmulas rítmicas:

Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión binaria:(todos os contidos no 1º curso*)

e:(*)






(3º trimestre)

Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión ternaria:(todos os contidos no 1º curso*) e:



(*agás o dosillo)



(3º trimestre)

(4) Grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario.

(5) Práctica de ritmos simultáneos como axuda ao desenvolvemento da psicomotricidade e da independencia motriz.

(6) Aplicar texto a un ritmo ou viceversa

C-R2 Práctica de lectura articulada horizontal e verticalmente en clave de sol en segunda liña. (*)

C-R3 Lectura na clave de Fa en 4ª liña e na do instrumento do alumnado.

C-R4 Lectura a primeira vista.

C-R5 Práctica e identificación de cambios de compás con equivalencia pulso = pulso.

C-R6 Práctica de lectura rítmica e rítmico-melódica con atención ás articulacións e dinámicas

C-R7 Improvisación rítmica con proposta previa.

AUDITIVOS:

C-A1:

(1) Sensibilización de modo maior e modo menor.

(2) Sensibilización de ton e semitón.

(3) Discriminación das funcións de tónica, subdominante, e dominante nas tonalidades traballadas.

(4) Discriminación de ton, semitón, saltos de 3ª, intervalos de 3ª M, m e 4ª, 5ª e 8ª xustas.

(5) Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades ata unha alteración modo maior.

(6) Identificación das fórmulas rítmicas traballadas no 1º curso e as fórmulas e grupos rítmicos que aparecen como contidos mínimos esixibles na entoación.

(7) Alteracións. Diferenciación do efecto de sostido e bemol.

(8) Discriminación de escalas (maiores e menores) ata 2 alteracións (3º trimestre)

C-A2:

(1) Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos.

(2) Escoita de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbres, estruturas formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais.

C-A3 Discriminación de escalas ata 2 alteracións (escalas maiores e menores diatónicas), intervalos (maiores, menores e xustos)

TEÓRICOS:

C–T1 Práctica de exercicios de caligrafía musical.

C–T2:

(1) Alteracións e o seu efecto.

(2) Ton e semitón.

(3) Identificación de anacruse, síncope e notas a contratempo.

(4) Compases simples e compostos (unidade de tempo, compás e subdivisión)

Equivalencia pulso=pulso

(5) Grupos de valoración especial: tresillos e dosillo (2º trimestre)

(6) Clasificación dos intervalos simples naturais e clasificación e construción dos intervalos alterados.

(7) Construción das escalas en modo maior e en modo menor tipo harmónico (2º trimestre), Tonalidades maiores e menores. (Armaduras). Graos da escala e graos tonais nas tonalidades traballadas.

(8) Acordes de tónica e dominante das tonalidades traballadas.

(9) Termos de tempo, aire ou movemento, termos de dinámica e agóxica, termos de carácter tendo en conta o curso.

(10) Modificacións de tempo: accelerando, ritardando.

(11) Signos de repetición.

ACTITUDINAIS: (comúns para os tres trimestres)

C-Act1 Respecto polo Espazo de Aprendizaxe (compañeiros, mestres, materiais…).

C-Act2 Adquisición de estratexias de estudo e compromiso co hábito de traballo diario.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo do curso.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.2.2., son considerados contidos mínimos para superar o curso.

6.2.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CE-E1 Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.

CE-E2:

CE-E2.1 Entoar as escalas maiores (cunha alteración*) e menores.

CE-E2.2 Entoar correctamente e identificar auditivamente movementos melódicos por graos conxuntos e sucesións de sons iguais, así como os intervalos sinxelos traballados no curso .

CE-E3 Entoar correctamente melodías en tonalidades ata dúas alteracións na armadura, maiores (ata unha alteración*) e menores, con ou sen acompañamento, atendendo aos contidos traballados durante o trimestre, e atendendo ás indicacións agóxicas e dinámicas expresadas na partitura. De producirse acompañamento instrumental, este non reproducirá a melodía.

CE-E4 Interpretar e memorizar un repertorio de pezas mediante o canto a unha voz (unha obra por trimestre*) e/ou dúas voces e a práctica instrumental que permitan ao alumno enriquecer a súa relación afectiva coa música, atendendo ás outras voces e adaptándose ao conxunto valorando a correcta interpretación vocal e empaste do grupo

CE-E5 Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa.

CE-R1:

CE-R1.1 Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento e amosar destreza psicomotora na realización de polirritmias.

CE-R1.2 Aplicar texto a un ritmo ou viceversa.

CE-R2:

CE-R2.1 Executar correctamente as fórmulas rítmicas e os compases traballados nos cursos anteriores(*), máis o compás de C e de 6/8(*) e 3/8 mantendo o pulso constante (interiorizando o silencio), con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas, realizando a articulación e as dinámicas adecuadas.

CE-R2.2 Executar correctamente os cambios de compás con equivalencia pulso=pulso con precisión e fluidez na lectura.

CE-R3 Ler melodías en clave de sol(*), fa en cuarta e na propia do seu instrumento.

CE-R4 Executar fragmentos rítmicos e melódicos a primeira vista valorando a soltura o coñecemento e capacidade de interpretación dos elementos da peza.

CE-R5 Imitar, improvisar e crear secuencias rítmicas cos contidos abordados empregando a percusión indeterminada ou percusión corporal.

CE-A1 Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, aspectos formais, timbres e aspectos que resulten máis notorios).

CE-A2 Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos que conteñan as dificultades traballadas no curso.

CE-A3 Discriminar escalas maiores e menores diatónicas de ata 2 alteracións na armadura e intervalos maiores, menores e xustos.

CE-T1 Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.

CE-T2 Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios sinxelos.

CE-T3 Saber aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos. Coñecer os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, cambios de compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...)

CE-T4 Saber aplicar contidos adquiridos nas partituras do seu repertorio instrumental.

CE-Act1 Valorar o respecto polos Espazos de Aprendizaxe e asumir como propias actitudes acordes cos valores do centro.

CE-Act2 Amosar a adquisición de estratexias de estudo que permitan resolver as situacións de aprendizaxe creadas na aula.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados como **CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE(*)**

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.2.3., son considerados criterios mínimos para superar o curso.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase **unha avaliación inicial**, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- **Observación directa e seguimento nas sesións de clase**, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** e rúbrica de avaliación (ver anexo 9.5).
- Probas puntuais de nivel, obrigatorias para o alumnado que non supere o 5 no trimestre e opcionais para o resto, a criterio do profesorado (ver anexo 9.7).

  Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. **A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5 sobre 10 no trimestre**. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes (anexos 9.5 , 9.6)

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

27% LECTURA RÍTMICA

27 % ENTOACIÓN

18 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO

18 % TEORÍA

10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA

Tendo en conta os criterios de cualificación, a cualificación trimestral xeral será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación (50%) e a aplicación da rúbrica de avaliación continua (Anexo 9.5), nos casos precisos e coas evidencias recollidas no caderno do profesor/a na súa observación na aula (50%) mediante o uso das rúbricas correspondentes.

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en catro partes (ver anexo 9.1.1): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica, que avaliarán os contidos establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba de avaliación constará de catro partes (ver anexo 9.1.1): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN:30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos non superados do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de catro partes (ver anexo 9.1.1):lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

30% ENTOACIÓN

30% LECTURA RÍTMICA

20% AUDICIÓN

20% TEORÍA

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexo 9.7).

6.2.5 Recursos didácticos

O libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos son os métodos dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda: *Teoría y Práctica del Lenguaje Musical II. Ediciones Si bemol S. L.*

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

6.3 Curso: 3º Grao Elemental

6.3.1 Obxectivos

O-E1. Ser consciente da posición corporal como base dunha correcta respiración, relaxación e afinación, para gozar do canto e conseguir facer da música unha linguaxe propia a través do repertorio traballado.

O-E2. Adquirir unha correcta emisión e articulación da voz, sen tensións corporais e psíquicas, para a reprodución melódica no repertorio coral específico.

O-E3. Cantar cancións e melodías en tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións, propias ou accidentais, atendendo aos diferentes movementos melódicos tonais, interválicos e as funcións tonais traballadas, que lle permita enriquecer a súa bagaxe musical e poida relacionala cos seus coñecementos.

O-E4. Entoar interválica dentro dun contexto tonal ou fóra del.

O-E5. Cantar cancións a dúas voces con acompañamento pianístico en grupo, buscar a concentración e adquirir a capacidade auditiva necesarias para cantar escoitando outras voces ao mesmo tempo, experimentando a afectividade da música e compartíndoa con compañeiros e compañeiras, como base para o desenvolvemento da memoria.

O-E6. Interpretar un repertorio vocal específico *a capella* como enriquecemento e goce persoal para facer da música unha linguaxe musical propia dende o comezo dos estudos.

O-E7. Cantar melodías e cancións percibindo conscientemente os termos e signos que afectan á expresión musical.

O-E8. Experimentar creando melodías facendo propios e funcionais os coñecementos adquiridos.

O-R1. Cantar e reproducir vocalmente cancións, melodías ou fragmentos de lectura cunha correcta aplicación do pulso.

O-R2. Cantar e reproducir vocalmente cancións, melodías ou fragmentos de lectura cunha correcta aplicación do acento.

O-R3. Escoitar e reproducir fragmentos melódicos con soltura coas fórmulas rítmicas que se traballan no curso, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para lograr a habilidade necesaria de asociación, disociación e interiorización das fórmulas rítmicas.

O-R4. Cantar e reproducir vocalmente cancións, melodías ou fragmentos melódicos de lectura cunha correcta aplicación do silencio.

O-R5. Cantar e reproducir vocalmente cancións, melodías ou fragmentos de lectura nas claves de sol e fa en 4ª, máis na propia do instrumento, se fose outra, atendendo aos diferentes compases específicos dos contidos do curso.

O-R6. Escoitar, recoñecer e reproducir vocalmente cancións, melodías ou fragmentos de lectura, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para lograr a habilidade necesaria de asociación, disociación e interiorización das equivalencias e ritmos simultáneos, así como a práctica de ritmos do repertorio tradicional.

O-R7. Aplicar texto a ritmos adecuados ao nivel do alumnado.

O-R8. Cantar e practicar a lectura como base para o desenvolvemento da memoria e valorar a importancia desta facultade na interpretación instrumental, percibindo conscientemente os elementos musicais melódicos, rítmicos e expresivos presentes na melodía ou fragmento.

O-R9. Coñecer e empregar as diferentes claves necesarias para a práctica instrumental do alumnado.

O-R10. Escoitar, recoñecer e reproducir vocalmente cancións, melodías ou fragmentos de lectura, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar elementos expresivos, dinámicos e agóxicos.

O-R11. Experimentar creando ritmos e melodías facendo propios e funcionais os coñecementos adquiridos.

O-A1. Recoñecer auditivamente e escribir cando sexa posible, parámetros melódicos e rítmicos nos niveis que se citan nos contidos do curso.

O-A2. Recoñecer auditivamente e escribir cando sexa posible, parámetros tonais e modais nos niveis que se citan nos contidos do curso.

O-A3. Recoñecer auditivamente e escribir cando sexa posible, parámetros harmónicos e formais nos niveis que se citan nos contidos do curso.

O-T1. Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica coñecendo os intervalos (especies e inversión), escalas (maiores e menores), acordes (maiores e menores, e inversións), consonancia e disonancia, alteracións, termos de carácter, signos de articulación, acentuación e dinámica que modifican a interpretación musical.

O-T2. Aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos.

O-T3. Relacionar os coñecementos que se adquiren na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.

O-Act1 Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesorado e os materiais da aula.

O-Act2 Desenvolver a responsabilidade e a autodisciplina necesarias para adquirir un hábito de estudo diario fomentando un enfoque proactivo cara á aprendizaxe da linguaxe musical

6.3.2 Contidos

ENTOACIÓN

C-E1. Práctica de exercicios de respiración, relaxación e afinación

C-E2. Emisión e articulación da voz.

C-E3.1 Sensibilización e práctica vocal de diferentes movementos melódicos tonais nas tonalidades traballadas e atendendo á súa disposición interválica.

C-E3.2 Entoación consciente de tonalidades de ata tres alteracións.

C-E3.3 Entoación consciente dos catro tipos de escalas diatónicas menores (tipo natural e harmónico de Lam – Mim – Sim – Rem * - tipo melódico 2º trimestre- tipo dórico 3º trimestre) **e escalas maiores e arpexos** ata 3 alteracións **(DoM - SolM - ReM – FaM *)**

C-E3.4 Entoación de alteracións accidentais.

C-E.3.5 Entoación consciente de melodías baseadas nas funcións tonais (I, IV e V) das tonalidades traballadas (Tonalidades do contido C-E3.3*)

C-E4 Entoación de intervalos simples maiores, menores e xustos dentro e fóra do contexto tonal.

C-E5.1 Interpretación vocal de obras con acompañamento pianístico.

C-E5.2 Reprodución memorizada vocal de fragmentos melódicos ou cancións con acompañamento pianístico (unha por trimestre*)

C-E6 Interpretación vocal de obras *a capella*, con ou sen texto

C-E7 Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e signos de expresión: articulación e acento.

C-E8 Improvisación vocal nas tonalidades traballadas, con proposta previa.

RÍTMICOS


Todos os dos cursos anteriores (*) e:

C-R1 Percepción, identificación e interiorización do pulso (*).


C-R2 Percepción e identificación do acento (*).

C-R3 Coñecemento, identificación e práctica das seguintes fórmulas rítmicas:


Binarias:



Ternarias:



Compás 2/2



C-R4 Práctica e interiorización do silencio.

C-R5 Práctica de lecturas rítmicas nas claves de sol (*) e de fa en 4ª, **nos seguintes compases: 3/8, 9/8 (*)** e 12/8, 2/8 e 2/2.

C-R6.1 Identificación e práctica de equivalencias orixinadas por cambios de compás que impliquen pulso=pulso (*) e fracción=fracción (2º trimestre).

C-R6.2 Sensibilización e práctica de ritmos do repertorio tradicional.(2º trimestre)

C-R6.3 Práctica e lectura de ritmos simultáneos.

C-R7 Aplicación práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel.

C-R8.1 Práctica de lectura articulada atendendo á dinámica, agóxica, articulación e carácter.

C-R8.2 Práctica de lectura de notas horizontalmente en clave de sol e en fa en cuarta.

C-R8.3. Práctica de lectura de notas verticalmente atendendo á interválica, en clave de sol e en fa en cuarta.

C-R8.4 Práctica de lectura a primeira vista.

C-R9 Emprego das claves necesarias para a práctica instrumental do alumnado.

C-R10.1 Sensibilización, identificación e interpretación dos termos de indicación de tempo, e dos signos agóxicos para modificalo.

C-R10.2 Sensibilización, identificación e interpretación dos termos dinámicos.

C-R11 Improvisación rítmica nos compases e coas fórmulas rítmicas traballadas

AUDITIVOS

C-A1.1 Percepción e identificación da subdivisión binaria ou ternaria do pulso.

C-A1.2 Recoñecemento e identificación das estruturas rítmicas traballadas.

C-A1.3 Recoñecemento e identificación dos diferentes movementos melódicos nas tonalidades traballadas.

C-A1.4 Identificación e diferenciación auditiva de intervalos maiores e menores e xustos ata a 8ª xusta.

C-A1.5 Audición e reprodución escrita de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos a unha voz.

C-A2.1 Recoñecemento e identificación dos modos maior e menor nas tonalidades traballadas.

C-A2.2 Recoñecemento e identificación dos tipos de escalas diatónicas menores e maiores.

C-A.2.3 Recoñecemento da consonancia e disonancia.

C-A3 Identificación auditiva melódica (tonalidade, tipo de escala…), harmónica (acordes; funcións I, IV e V; cadencias: auténtica, semicadencia e plagal), e forma (binaria e ternaria)

TEÓRICOS

C-T1 Tonalidades maiores e menores

C-T2 Semitón cromático e diatónico

C-T3 Clasificación de todas as especies de intervalos

C-T4 Inversión de intervalos.

C-T5 Consonancia e disonancia

C-T6 Acordes maiores e menores en estado fundamental e inversión.

C-T7 Alteracións dobres

C-T8 Termos de carácter, dinámica, signos de articulación e acentuación que afectan á interpretación musical.

ACTITUDINAIS (comúns para os tres trimestres)

C-Act1 Respecto polo Espazo de Aprendizaxe (compañeiros, mestres, materiais…).

C-Act2 Adquisición de estratexias de estudo e compromiso co hábito de traballo diario.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo do curso.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.3.2., son considerados contidos mínimos para superar o curso.

6.3.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CE-E1. Demostrar o dominio do corpo como instrumento para unha boa respiración, relaxación e afinación.

CE-E2. Realizar unha boa emisión e articulación vocal sen tensións corporais e psíquicas.

CE-E3. Entoar correctamente melodías e cancións en tonalidades maiores e menores (tipo natural e harmónico*) de ata tres alteracións propias ou accidentais **(tonalidades recollidas no contido C-CE.3*), atendendo aos diferentes movementos melódicos tonais, interválicos e as funcións tonais traballadas (I – IV – V *)**

CE-E4. Entoar correctamente interválica dentro dun contexto tonal ou fóra del.

CE-E5. Entoar correctamente melodías memorizadas e cantos a unha voz (unha por trimestre*) e/ou dúas voces con acompañamento pianístico, coa concentración e capacidade auditiva necesarias para cantar escoitando outras voces ao mesmo tempo.

CE-E6. Entoar correctamente melodías e cantos *a capella*.

CE-E7. Entoar correctamente melodías e cancións atendendo ás indicacións que afectan á expresión musical.

CE-E8. Improvisar estruturas melódicas sobre unha proposta dada.

CE-R1. Ler mantendo o pulso dos fragmentos rítmicos ou rítmico-melódicos traballados na aula(*)

CE-R2. Recoñecer e identificar o acento periódico dunha obra ou fragmento(*)

CE-R3. Reproducir fragmentos melódicos con soltura coas fórmulas rítmicas que se traballan no trimestre.

CE-R4. Manter o pulso durante períodos breves de silencio.

CE-R5. Reproducir e ler fragmentos nas claves de sol (C-R5 *), fa en 4ª, máis na propia do instrumento do alumnado.

CE-R6. Reproducir e ler correctamente fragmentos rítmico-melódicos con cambios de compás, aplicando as equivalencias (pulso=pulso *) con precisión e fluidez, e amosando destreza psicomotora na realización de ritmos simultáneos.

CE-R7. Aplicar un texto a un ritmo sinxelo.

CE-R8. Ler correctamente fragmentos rítmico-melódicos, horizontais ou verticais, nas diferentes claves, atendendo ás indicacións de carácter, agóxica, articulación, dinámica, así como a súa disposición interválica.

CE-R9. Coñecer e ler correctamente fragmentos rítmico-melódicos nas claves de sol(*), fa en 4ª, máis na propia do instrumento do alumnado.

CE-R10. Interpretar vocalmente ou ritmicamente pezas escritas atendendo ás indicacións dos termos de tempo, agóxica ou dinámica.

CE-R11. Improvisar estruturas rítmicas sobre unha proposta dada.

CE-A1.1. Identificar e reproducir a subdivisión binaria ou ternaria.

CE-A1.2. Identificar e recoñecer auditivamente as estruturas rítmicas traballadas.

CE-A1.3. Identificar, recoñecer auditivamente e entoar os diferentes movementos melódicos nos fragmentos traballados.

CE-A1.4. Identificar, recoñecer auditivamente e entoar intervalos maiores, menores e xustos.

CE-A1.5. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados .

CE-A2. Identificar, recoñecer auditivamente e entoar o modo maior ou menor dunha obra ou fragmento así como os diferentes tipos de escalas traballados.

CE-A3. Identificar, a través da escoita, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas, atendendo á melodía, harmonía e forma.

CE-T1. Recoñecer o emprego dunha terminoloxía musical básica en relación cos intervalos, escalas, acordes, alteracións, e demais termos que modifican a interpretación musical.

CE-T2. Identificar e aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos.

CE-T3. Empregar os coñecementos que se adquiren na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.

CE-Act1 Valorar o respecto polos Espazos de Aprendizaxe e asumir como propias actitudes acordes cos valores do centro.

CE-Act2 Amosar a adquisición de estratexias de estudo que permitan resolver as situacións de aprendizaxe creadas na aula.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados como **CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE(*)**

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.3.3., son considerados criterios mínimos para superar o curso.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase **unha avaliación inicial**, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- **Observación directa e seguimento** nas sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** e rúbrica de avaliación (ver anexo 9.5).
- Probas puntuais de nivel, obrigatorias para o alumnado que non supere o 5 no trimestre e opcionais para o resto, a criterio do profesorado (ver anexo 9.7).

  Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. **A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5 sobre 10 no trimestre.** O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes (anexo 9.5 , 9.6)

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

27 % LECTURA RÍTMICA

27 % ENTOACIÓN

18 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO

18 % TEORÍA

10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA

Tendo en conta os criterios de cualificación, a cualificación trimestral xeral será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación (50%) e a aplicación da rúbrica de avaliación continua (Anexo 9.5), nos casos precisos, coas evidencias recollidas no caderno do profesor/a na súa observación na aula (50%).

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar

esta cualificación levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en catro partes (ver anexo 9.1.3): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica, que avaliarán os contidos establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas considerararanse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba de avaliación constará de catro partes(ver anexo 9.1.3): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de catro partes(ver anexo 9.1.3): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexo 9.7).

6.3.5 Recursos didácticos

O libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos son os métodos dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda: *Teoría y Práctica del Lenguaje Musical III. Ediciones Si bemol S. L.*

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

6.4 Curso: 4º Grao Elemental

6.4.1 Obxectivos

O-E1 Adquirir destreza na entoación de melodías en diversas tonalidades, con modulacións e empregando alteracións accidentais.

O-E2 Desenvolver a entoación a primeira vista conforme aos contidos deste curso.

O-E3 Desenvolver a memoria musical.

O-E4 Conseguir improvisar secuencias rítmicas e melódicas conforme aos contidos deste curso.

O-R1 Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.

O-R2 Coñecer e desenvolver o estudo das equivalencias lendo fragmentos rítmico-melódicos cambiando o compás e a subdivisión.

O-R3 Desenvolver a lectura a primeira vista conforme aos contidos deste curso.

O-R4 Conseguir improvisar secuencias rítmicas conforme aos contidos deste curso.

O-A1 Desenvolver a capacidade auditiva para recoñecer aspectos básicos: melodía, ritmo, forma.

O-A2 Reproducir ditados rítmicos, melódicos e melódico-rítmicos en diversas tonalidades.

O-A3 Identificar logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...).

O-T1 Adquirir coñecementos teórico-musicais que lle permitan ao alumnado acadar unha maior comprensión da música.

O-T2 Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.

O-Act1 Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesorado e os materiais da aula.

O-Act2 Desenvolver a responsabilidade e a autodisciplina necesarias para adquirir un hábito de estudo diario fomentando un enfoque proactivo cara á aprendizaxe da linguaxe musical.

6.4.2 Contidos

ENTOACIÓN:

C-E1. Sensibilización na entoación de:

C-E1.1. Coidado da respiración, emisión e articulación da voz.

C-E1.2. Tonalidades M e m ata 4# e 4b, **escalas e arpexos e entoación das funcións tonais de I, IV e V (tonalidades homónimas DoM-m /LaM-m /SolM-m /ReM-m/ FaM-m *)**

C-E1.3. Entoación consciente (sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais) de obras con e sen texto, con e sen acompañamento, en todas as tonalidades de ata 4# e 4b, tanto en modo maior como en modo menor, distinguindo neste último os catro tipos de escala **(tonalidades homónimas DoM-m /LaM-m /SolM-m /ReM-m /FaM-m *).**

C-E1.4. Intervalos diatónicos ata a 8ª en contexto tonal e intervalos xustos, maiores e menores fóra do contexto tonal.

C-E1.5. Entoación interválica fóra do contexto tonal.

C-E1.6. Entoación de melodías baseándose nas escalas pentatónica, hexátona e cromática (3º trimestre).

C-E1.7. Introdución á música de jazz (ritmos de jazz: swing, blues, ragtime)(3º trimestre)

C-E1.8. Entoación de pezas elaboradas con ritmos característicos españois (2º trimestre).

C-E1.9. Interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión.

C-E2. Entoación a primeira vista.

C-E3. Memorización de obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento (unha por trimestre*).

C-E4. Improvisación melódica.

RÍTMICOS:

Todos os dos cursos anteriores(*) e:

C-R1. Coñecemento e práctica de:

1.Compases simples: (**2/8, 2/2 (*)**) -- 3/2, 4/2 (2º trimestre)

2.Compases compostos: **12/8 (*)** - 6/4 (3º trimestre)

3.Compases de amalgama: 5/4 (2º trimestre)

4.Compases dispares: 5/8 - (7/8, 8/8 (3º trimestre)).

5.Compases subdivididos (3º trimestre)

6.Tódalas figuras e os seus silencios ata a fusa.

7.Grupos de valoración especial irregulares.

8.Grupos de valoración especial regular en dous pulsos. (3:2, 2:3) (3º trimestre)

9.Acentuación irregular. Ritmos atípicos (3º trimestre)

10.Ritmos populares españois: seguidilla, xota, muiñeira, petenera, zortzico, bolero, e outros.(2º trimestre)

11.Polirritmia.

C-R2 . Coñecemento e práctica de:

1.Equivalencia de pulso = pulso e parte = parte, incluíndo todos os tipos de compases traballados tendo en conta os puntos 1, 2 e 4 de C-R1. (*)

2.Introdución aos ritmos de jazz: swing, blues, ragtime. (3º trimestre)

3.Lectura de notas en clave de Sol (*) e Fa na 4ª liña e lectura rítmica interválica.

4.Identificación e interpretación de tódolos signos que afectan ao tempo, agóxica, dinámica e carácter.

C-R3. Lectura rítmica a primeira vista.

C-R4. Improvisación rítmica adecuada ao nivel do curso.

AUDICIÓN:

C-A1 Discriminación de:

Escalas diatónicas menores e maiores tanto illadas coma en melodías.

Intervalos diatónicos ata a 8ª, melódicos e harmónicos.

Acordes maiores e menores aumentados e diminuídos, en estado fundamental e invertidos.

Cadencias: auténtica, plagal, rota e semicadencia.

Movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas.

Acordes fundamentais (I, IV, V, VI) nas tonalidades traballadas.

Acordes maiores, menores, aumentados, diminuídos.

C-A2. Reprodución de:

Ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos nas tonalidades traballadas.

Probas auditivas a dúas voces mediante o recoñecemento dos graos I, IV e V como acompañamento dunha melodía dada

C-A3 Identificación auditiva dos trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...).

TEÓRICOS:

C-T1 Coñecemento e práctica de:

C-T1.1. Repaso dos contidos dos cursos anteriores: intervalos (clasificación, construción, inversión); escalas diatónicas: escalas maiores 4 tipos, escalas menores 4 tipos; graos da escala (tonais e modais); modulación e flexión; tonalidades e armaduras: tonalidades relativas, veciñas, homónimas, enharmónicas; termos de tempo, agóxica, dinámica, signos de articulación e acentuación; acordes (perfectos maiores e menores).

C-T1.2 Compases: de partes desiguais, mixtos ou dispares, a un tempo, de amalgama. Subdivisión de compases.

C-T1.3 Cadencias: auténtica, plagal, rota e semicadencia.

C-T1.4 Recoñecemento das escalas: pentatónica, hexátona e cromática empregadas en obras.(3º trimestre)

C-T1.5 Acordes: clasificación e construción de acordes perfectos maiores e menores. De 5ª diminuída, de 5ª aumentada (2º trimestre) e 7ª de dominante, tanto en EF coma invertidos (3º trimestre).

C-T2. Aplicación dos contidos da materia (tonalidade, tipo de escala, acordes, empregados, cadencias, tipos de comezos e finais de frase, identificación dos acordes empregados nunha melodía con ou sen acompañamento) en diferentes obras, con ou sen acompañamento, podendo empregar tamén repertorio instrumental do alumno.(3º trimestre).

ACTITUDINAIS (comúns para os tres trimestres):

C-Act1 Respecto polo Espazo de Aprendizaxe (compañeiros, mestres, materiais…).

C-Act2 Adquisición de estratexias de estudo e compromiso co hábito de traballo diario.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre); aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse dende o comezo de curso e de xeito continuado ao longo do curso.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.4.2., son considerados contidos mínimos para superar o curso.

6.4.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CE-E1.1 Entoar correctamente, tanto de xeito illado como en melodías, os intervalos traballados durante o curso, a escala e arpexos de I, IV, V das tonalidades ata catro alteracións, os tipos de escala menor e maior, melodías con escalas pentatónica, hexátona e cromática.

CE-E1.2. Entoar correctamente melodías en tonalidades(DoM-m/LaM-m/SolM-m/ReM-m/FaM-m) con ata catro alteracións na armadura, maiores e menores, con acompañamento e sen el

realizando unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática **(tonalidades homónimas recollidas C-E1.2 e 3 *).**

CE-E1.3. Afinar correctamente as notas alteradas accidentalmente (tonalidades homónimas recollidas en C-E1.2 e C-E1.3 *).

CE-E2. Entoar correctamente a primeira vista pezas con ou sen acompañamento que conteñan os contidos do curso.

CE-E3. Memorizar un repertorio de cancións propostas a unha ou dúas voces **(unha obra por trimestre*),** con ou sen texto, con ou sen acompañamento. Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto aos termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.

CE-E4. Improvisar estruturas melódicas e rítmico-melódicas do nivel do curso a partir dunha proposta previa, aplicando libremente fórmulas rítmicas coñecidas e conceptos tonais básicos.

CE-R1 Executar as estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento a través da percusión, instrumental ou vocalmente, mostrando destreza psicomotora na realización de polirritmias, mantendo un pulso constante, respectando o tempo indicado, a precisión na rítmica e fluidez na lectura de notas, termos de expresión, dinámica e agóxica.

CE-R2. Ler correctamente e con fluidez fórmulas rítmicas nos compases traballados: (C-R1:1.2*) con continuidade no pulso, atendendo aos cambios de compás**, equivalencias (C.R2:1*) (tendo en conta os compases anteriores *)** e grupos de valoración especial, mantendo o pulso durante períodos de silencio, **con precisión rítmica e fluidez na lectura de notas** nas claves traballadas **(clave de sol en 2ª *)** e interpretando tódolos signos que afecten ao tempo, agóxica, dinámica e carácter.

CE-R3. Ler a primeira vista exercicios nos compases do trimestre e coas fórmulas rítmicas traballadas durante o trimestre e atendendo aos grupos de valoración especial, con continuidade no pulso, precisión rítmica, atendendo aos cambios de compás, equivalencias, mantendo o pulso durante períodos de silencio, con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas e interpretando tódolos signos que afecten ao tempo, agóxica, dinámica e carácter.

CE-R4. Improvisar estruturas rítmicas do nivel do curso sobre unha proposta previa

CE-A1.1. Identificar auditivamente sucesións de intervalos dentro e fóra do contexto tonal, tanto melódicos como harmónicos, acordes maiores, menores, aumentados, diminuídos e 7ª de dominante, os tipos de escala menor, maior, pentatónica, hexátona e cromática, tanto illadamente como empregadas en melodías.

CE-A1.2. Identificar auditivamente os acordes de I, IV, V, VI en tonalidades ata 4 alteracións, así como as cadencias auténtica, plagal, rota e semicadencia.

CE-A2.1 Reproducir por escrito melodías, recoñecendo previamente a estrutura harmónica, o compás e a nota de comezo.

CE-A2.2. Reproducir por escrito ditados a unha voz, en tonalidades ata 4 alteracións, que conteñan as dificultades traballadas no curso.

CE-A3. Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...).

CE-T.1 Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos. Recoñecer e construír os intervalos, inversións, escalas diatónicas, escalas pentatónica, hexátona e cromática, recoñecer e construír os acordes maiores, menores, aumentados e diminuídos, 7ª de dominante, en estado fundamental e invertidos, coñecer as cadencias, e dominar o vocabulario de tempo, dinámica, agóxica e carácter.

CE-T2.1 Saber aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos. Coñecer os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas, modo, compás, cambios de compás e equivalencias, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres…).

CE-T.2.2 Saber aplicar correctamente os contidos adquiridos durante o curso nas partituras do seu repertorio instrumental.

CE-Act1 Valorar o respecto polos Espazos de Aprendizaxe e asumir como propias actitudes acordes cos valores do centro.

CE-Act2 Amosar a adquisición de estratexias de estudo que permitan resolver as situacións de aprendizaxe creadas na aula.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados como CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE(*)

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.4.3., son considerados criterios mínimos para superar o curso.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase **unha avaliación inicial**, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- **Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase,** tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** e rúbrica de avaliación (ver anexo 9.5, 9.6)
- **Probas puntuais de nivel, que terán carácter obrigatorio** (ver anexo 9.7).

Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor/a. **A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para todo o alumnado de 4º curso de grao elemental.** O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes (anexo 9.5, 9.6)

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

LECTURA RÍTMICA: 27%

ENTOACIÓN: 27%

DESENVOLVEMENTO AUDITIVO: 18%

TEORÍA: 18%

ACTITUDE ANTE A MATERIA: 10%

Tendo en conta os criterios de cualificación, a cualificación trimestral xeral será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación (50%) e a aplicación da rúbrica de avaliación continua (Anexo 9.5), nos casos precisos, coas evidencias recollidas no caderno do profesor/a na súa observación na aula (50%).

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas considerararanse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba de avaliación constará de catro partes (ver anexo 9.1.4): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN:30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de catro partes: lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica (ver Anexo 9.1.4). Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

6.4.5 Recursos didácticos

O libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos son os métodos dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda: Teoría y Práctica del Lenguaje Musical IV. Ediciones Si bemol S. L.

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

6.5 Curso: 1º Grao Profesional

6.5.1 Obxectivos

O-E1 Entoar melodías con ou sen acompañamento, con cambios de tonalidade ou modulacións, ou baseándose nas escalas ou modos que se traballen ao longo do curso.

O-E2 Entoar de forma consciente escalas tonais, modais, acordes e intervalos

O-E3 Desenvolver a entoación a primeira vista

O-E4 Conseguir improvisar secuencias rítmicas e melódicas conforme aos contidos deste curso.

O-R1 Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.

O-R2 Coñecer e desenvolver o estudo das equivalencias lendo fragmentos rítmico-melódicos cambiando o compás e a subdivisión.

O-R3 Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos (polirritmias).

O-R4 Desenvolver a lectura a primeira vista conforme aos contidos deste curso.

O-R5 Conseguir improvisar secuencias rítmicas conforme aos contidos deste curso.

O-A1 Desenvolver a capacidade auditiva para recoñecer os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...).

O-A2 Recoñecer a través da audición e a lectura as estruturas harmónicas básicas, as escalas tonais, modais e acordes.

O-A3 Recoñecer e reproducir correctamente por escrito fragmentos musicais a unha voz ou a dúas voces.

O-T1 Coñecer e utilizar os coñecementos teóricos da linguaxe musical e relacionalos coa práctica musical.

O-T2 Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.

O-Act1 Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesorado e os materiais da aula.

O-Act2 Desenvolver a responsabilidade e a autodisciplina necesarias para adquirir un hábito de estudo diario fomentando un enfoque proactivo cara á aprendizaxe da linguaxe musical

6.5.2 Contidos

ENTOACIÓN

C-E1: Práctica de:

1.Exercicios de colocación de voz.

2.Entoación consciente de melodías ou fragmentos melódicos, cos elementos traballados, (memorización dunha obra ou fragmento melódico cos contidos traballados ao trimestre *)

3.Entoación de pezas con modulacións.

4.Entoación modal: dórico (*) e frixio (2º trimestre)

C-E2: Entoación consciente de:

1.Escalas maiores e os seus 4 tipos **(1º tipo *) e** escalas menores e os seus correspondentes tipos **(4 tipos de modo menor *)**, escalas pentatónica, hexátona e cromática (3º trimestre), e **dos acordes tonais (I_IV_V*) das leccións traballadas.**

2.Escalas modais das leccións traballadas: modo dórico(*) e frixio (2º trimestre)

3.Intervalos maiores, menores, xustos (interválica pura*), aumentados e diminuídos, entoación de enharmonías.

C-E3 Entoación a 1ª vista.

C-E4 Improvisación vocal sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres.

RÍTMICOS:(todos os dos cursos anteriores (*) e:

C-R1 Coñecemento e práctica de:

1. Lectura rítmica articulada.

2. Acentuación irregular.

C-R2 Compases dispares e compases tradicionais tratados como dispares **(5/8*)**

1.Compases alternos 6/8 3/4 (*)

2.Compases subdivididos (2º trimestre)

3.Compases de amalgama.

4.Equivalencia pulso=pulso, incluíndo con cambio a compases dispares (5/8*).

5.Equivalencia fracción=fracción (*)

6.Práctica de lectura de notas sen clave, aténdose ao debuxo interválico.

7.Lectura de notas en clave de Sol e Fa na 4ª liña (*), outras claves e lectura rítmica interválica.

8.Identificación e interpretación de todos os signos que afectan ao tempo (termos básicos (*)), agóxica, dinámica e carácter.

C-R3 Coñecemento e práctica de: Os grupos de valoración especial en varios pulsos: 3:2, 2:3 (*), (3:4, 4:3 (2º trimestre)), 5:2 3º trimestre **(en compás de subdivisión binaria e ternaria).**

C-R4 Lectura a primeira vista.

C-R5 Improvisación sobre fórmulas rítmicas establecidas ou libres.

AUDITIVOS:

C-A1 Discriminación de:

1.Compases e fórmulas rítmicas traballadas, incluíndo o 3:2, 2:3 (2º trimestre), 3:4, 4:3 (3º trimestre).

2.Equivalencias pulso=pulso e fracción=fracción.

3.Intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.

4.Acordes maiores e menores, aumentados e diminuídos, de 7ª de dominante e 7ª diminuída en estado fundamental e invertidos.

5.Escalas diatónicas maiores e menores (4 tipos)

6.Escala pentatónica, hexátona e cromática (2º trimestre)

C-A2 Recoñecemento de:

1.Estruturas harmónicas cos graos I, IV, V e VI.

2.Cadencia perfecta, plagal, rota e semicadencia.

3.Identificación auditiva dos trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos, fórmulas melódicas e rítmicas, acordes, cadencias, aspectos formais, timbres...).

C-A3 Realización de:

1.Ditado melódico e rítmico a unha voz nas tonalidades traballadas.

2.Reprodución escrita do baixo ante un ditado a dúas voces.

3.Ditado a dúas voces cos graos tonais na voz grave.

TEÓRICOS:

C-T1 Coñecemento e práctica de:

1. Notación tradicional.

2. Desenvolvemento dos grupos de valoración especial en varios pulsos 3:2, 2:3, 3:4, 4:3, 5:2

3. Compases simples, compostos, de amalgama e dispares.

4. Intervalos:

a) Intervalos melódicos e harmónicos simples: clasificación, número, especie, co

b) Intervalos compostos: ampliación, redución e inversión.

5. Enharmonías de notas, intervalos, acordes e tonalidades

6. Escalas diatónicas, (cromática, pentáfona e hexátona (2º trimestre))

7. Acordes (ampliación).

8.Cadencias.

9.Notas estrañas ao acorde: notas de paso e floreo.

10.Sistemas musicais antigos: modos gregos e modos eclesiásticos (2º trimestre)

11.Normas de escritura musical (3º trimestre)

C-T2 Análise de melodías: tonalidades e modulacións; intervalos; tipos de escala; acordes PM, Pm, A, d e 7ª dominante e 7ª diminuída; funcións tonais; notas estrañas; cadencias; frase musical, tipo de principio e tipo de final.

ACTITUDINAIS:

C-Act1 Respecto polo Espazo de Aprendizaxe (compañeiros, mestres, materiais…).

C-Act2 Adquisición de estratexias de estudo e compromiso co hábito de traballo diario.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre), aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse desde o comezo de curso e de xeito continuado ao longo do curso.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.5.2., son considerados contidos mínimos para superar o curso.

6.5.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CE-E1 Entoar melodías con ou sen acompañamento cunha rigorosa emisión das notas naturais e das alteracións accidentais (modo dórico *), con precisión na medida (*),

na afinación e na interpretación das indicacións de tempo (termos básicos*) dinámicas, agóxicas e de fraseo.

CE-E2 Entoar de maneira precisa melodías demostrando o aprendido na correcta realización das escalas tonais, modais (dórica), acordes tonais (I_IV_V*) e intervalos(*). (Memorización dunha obra ou fragmento melódico cos contidos traballados ao trimestre *).

CE-E3 Entoar correctamente melodías a primeira vista, en tonalidades con ata cinco alteracións na armadura, maiores e menores, con acompañamento e sen el, realizando unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.

CE-E4. Improvisar estruturas melódicas e rítmico-melódicas do nivel do curso a partir dunha proposta previa, aplicando libremente fórmulas rítmicas coñecidas e conceptos tonais básicos.

CE-R1 Executar fragmentos rítmicos con regularidade do pulso, fluidez na lectura de notas, interpretación correcta das fórmulas rítmicas e da articulación.

CE-R2/C-R3 Executar fragmentos rítmicos, rítmico-melódicos con fluidez na lectura de notas (clave de Sol e Fa na 4ª liña*) interpretación correcta dos termos básicos de tempo (*), agóxica, dinámica e carácter **nos diferentes compases (compases alternos 6/8 3/4 e o compás de 5/8*) e executar correctamente as equivalencias (pulso=pulso, incluíndo con cambio a compases dispares e fracción=fracción (*)) atendendo aos grupos de valoración especial (3:2 2:3 *) en compás de subdivisión binaria ou ternaria.**

CE-R4 Ler a primeira vista exercicios cos contidos do trimestre e coas fórmulas rítmicas do curso, con continuidade no pulso, precisión rítmica, con fluidez na lectura de notas nas diferentes claves traballadas.

CE-R5 Improvisar estruturas rítmicas do nivel do curso sobre unha proposta previa.

CE-A1. Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...).

CE-A2. Recoñecer a través da audición e a lectura as estruturas harmónicas básicas, escalas tonais, modais, acordes e intervalos.

CE-A3. Recoñecer e reproducir correctamente por escrito fragmentos musicais a unha voz ou a dúas voces.

CE-T1 Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.

CE-T2 Saber aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos durante o curso nas partituras do seu repertorio instrumental Coñecer os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas, modo, compás, cambios de compás e equivalencias, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres…).

CE-Act1 Valorar o respecto polos Espazos de Aprendizaxe e asumir como propias actitudes acordes cos valores do centro.

CE-Act2 Amosar a adquisición de estratexias de estudo que permitan resolver as situacións de aprendizaxe creadas na aula.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados como **CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE(*)**

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.5.3., son considerados criterios mínimos para superar o curso.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase **unha avaliación inicial**, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- **Observación directa e seguimento** nas sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** e rúbrica de avaliación (ver anexo 9.7).
- Probas puntuais de nivel, obrigatorias para o alumnado que non supere o 5 no trimestre e opcionais para o resto, a criterio do profesorado (ver anexo 9.7).

  Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. **A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5 sobre 10 no trimestre**. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes (anexo 9.5, 9.6)

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

27 % LECTURA RÍTMICA

27 % ENTOACIÓN

18 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO

18 % TEORÍA

10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA

Tendo en conta os criterios de cualificación, a cualificación trimestral xeral será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación (50%) e a aplicación da rúbrica de avaliación continua (Anexo 9.6), nos casos precisos, coas evidencias recollidas no caderno do profesor/a na súa observación na aula (50%).

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en catro partes (ver anexo 9.1.5): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica, que avaliarán os contidos establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.5.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de

ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba de avaliación constará de catro partes: lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica (ver Anexo 9.1.5). Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN:30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de catro partes: lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica (ver Anexo 9.1.5). Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexo 9.7).

6.5.5 Recursos didácticos

O libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos son os métodos dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda: Enseñanza Profesional. Nuevo Lenguaje Musical I. Ediciones Si bemol S. L.

Cadernos de teoría de Ibáñez-Cursá, 1º de grao medio, Real Musical.

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

6.6 Curso: 2º Grao Profesional

6.6.1 Obxectivos

O-E1 Entoar de forma consciente escalas tonais, modais, acordes e intervalos.

O-E2 Entoar melodías con ou sen acompañamento, con cambios de tonalidade ou modulacións, ou baseándose nas escalas ou modos que se traballen ao longo do curso.

O-E3 Desenvolver a entoación a primeira vista

O-E4 Conseguir improvisar sobre esquemas harmónicos formais establecidos ou libres en base ás secuencias harmónicas traballadas durante o curso.

O-R1 Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.

O-R2 Coñecer e desenvolver o estudo das equivalencias lendo fragmentos rítmico-melódicos cambiando o compás e a subdivisión.

O-R3 Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos (polirritmias).

O-R4 Desenvolver a lectura a primeira vista conforme aos contidos deste curso.

O-R5 Conseguir improvisar secuencias rítmicas conforme aos contidos deste curso.

O-A1 Desenvolver a capacidade auditiva para recoñecer os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...).

O-A2 Recoñecer e representar graficamente as alteracións accidentais, acordes de e as súas inversións, as escalas e modos traballados durante o curso, as cadencias, modulacións e as estruturas harmónicas básicas.

O-A3 Recoñecer e reproducir correctamente por escrito fragmentos musicais a unha voz ou a dúas voces utilizando estruturas harmónicas básicas.

O-T1 Coñecer e utilizar os coñecementos teóricos da linguaxe musical e relacionalos coa práctica musical.

O-T2 Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.

O-Act1 Respectar e valorar tanto as intervencións dos compañeiros coma do profesorado e os materiais da aula.

O-Act2 Desenvolver a responsabilidade e a autodisciplina necesarias para adquirir un hábito de estudo diario fomentando un enfoque proactivo cara á aprendizaxe da linguaxe musical.

6.6.2 Contidos

ENTOACIÓN

C-E1 Entoación consciente de:

1.Escalas maiores e menores cos seus correspondentes tipos (*), pentatónica, hexátona e cromática (2º trimestre), e **dos acordes tonais (I-IV-V_*)** das leccións traballadas.

2.Escalas modais das leccións traballadas (modo dórico e modo frixio *).

3.Intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos(*), entoación de enharmonías.

C-E2 Realización de:

1.Exercicios de colocación de voz.

2.Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados no curso.

3.Entoación de pezas con modulacións (*)

4.Entoación modal (dórico, frixio*)

5.Entoación interválica pura (non tonal) e aplicación a obras post-tonais ou tonais.

6.Práctica dos termos e signos de:tempo (*),carácter, dinámica, agóxica, **acentuación, articulación e fraseo (*).**

C-E3 Entoación a 1ª vista.

C-E4 Improvisación vocal sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres.

RITMO:**Todos os dos cursos anteriores(*) e:**

C-R1 Coñecemento e práctica de:

1.Lectura rítmica articulada (*).

2.Compases dispares con calquera numerador e denominador (*)

3.Compases mixtos, decimais, fraccionarios e quebrados.

4.Música sen compasear.

5.Grupos rítmicos ternarios regulares e irregulares contidos nun ou varios pulsos binarios.

6.Grupos rítmicos binarios regulares e irregulares contidos nun ou varios pulsos ternarios.

7.Acentuación irregular.

8.Novas grafías para ritmos tradicionais.

9.Práctica de lectura de notas sen clave, aténdose ao debuxo interválico.

C-R2: Coñecemento e práctica de:

1.Equivalencia pulso=pulso, incluíndo con cambio a compases dispares (*).

2.Equivalencia fracción=fracción (*)

3.Lectura en todas as claves (clave de sol e clave de fa en 4ª liña *)

4.Identificación e interpretación de tódolos signos que afectan ao tempo (*) carácter, **acentuación, articulación, fraseo,** agóxica, e dinámica.

C-R3 Realización de polirritmias (3:2 2:3 *), incluíndo os grupos rítmicos en varios pulsos ternarios e binarios, regulares e irregulares.

C-R4 Lectura a primeira vista.

C-R5 Improvisación sobre fórmulas rítmicas establecidas ou libres.

AUDICIÓN:

C-A1 Discriminación de:

1.Todos os compases traballados.

2.Equivalencias pulso=pulso e fracción=fracción.

3.Intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.

4.Acordes maiores e menores, aumentados e diminuídos, de 7ª de dominante e 7ª diminuída en estado fundamental e invertidos.

5.Escalas diatónicas maiores e menores (4 tipos)

6.Escala pentatónica, hexátona e cromática (2º trimestre)

C-A2 Recoñecemento de:

1.Estruturas harmónicas cos graos I, IV, V e VI.

2.Cadencia perfecta, plagal, rota e semicadencia.

3.Identificación auditiva dos trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos, fórmulas melódicas e rítmicas, acordes, funcións tonais,cadencias, aspectos formais, timbres...).

4.Utilización dos modos en melodías tradicionais.

5.Modulación diatónica

C-A3 Realización de:

1.Ditado melódico e rítmico a unha voz tonal ou modal.

2.Reprodución escrita do baixo ante un ditado a dúas voces.

3.Ditado a dúas voces.

TEÓRICOS

C-T1 Coñecemento e práctica de:

1.Notación tradicional.

2.Desenvolvemento dos grupos rítmicos regulares e irregulares en varios pulsos.

3.Compases mixtos, decimais, fraccionarios, quebrados.

4.Modalidade.

5.Utilización dos modos nas melodías tradicionais.

6.Transporte. Instrumentos transpositores.

7.Modulación.

8.Análise dos acordes empregados nas pezas traballadas.

C-T2 Análise de melodías (tonalidades e modulacións, intervalos, tipos de escala, acordes M, m, A, d e 7ª dominante e 7ª diminuída, funcións tonais, notas estrañas á harmonía, cadencias conclusivas e suspensivas).

ACTITUDINAIS (comúns nos tres trimestres):

C-Act1 Respecto polo Espazo de Aprendizaxe (compañeiros, mestres, materiais…).

C-Act2 Adquisición de estratexias de estudo e compromiso co hábito de traballo diario.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

No apartado anterior, indícase o período no que se comezan a traballar os contidos (2º ou 3º trimestre), aqueles contidos que non levan ningunha indicación trabállanse desde o comezo de curso e de xeito continuado ao longo do curso.

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.6.2., son considerados contidos mínimos para superar o curso.

6.6.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e

accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CE-E1. Entoar de maneira precisa escalas tonais maiores e menores cos seus correspondentes tipos (*), escalas modais (dórico e frixio)*, acordes tonais (C.E1.1 *) e intervalos (C-E1.3 *).

CE-E2. Entoar melodías con ou sen acompañamento que inclúan os intervalos, tipos de escala, melodías modais (dórico, frixio *) alteracións accidentais e as modulacións (*) traballadas, aplicando indicacións expresivas con exactitude na afinación das notas naturais e das alteracións accidentais, con precisión na medida, na afinación e na **interpretación das indicacións de tempo, acentuación, articulación, fraseo (*),**carácter, dinámicas e agóxicas.

CE-E3. Entoar a primeira vista leccións ou melodías que inclúan os contidos do curso con corrección na emisión e na afinación, atendendo á tonalidade ou modalidade, ás dificultades interválicas, os tipos de escala, modulacións e o respecto aos termos de expresión, agóxica e dinámica.

CE-E4. Improvisar estruturas melódicas e rítmico-melódicas do nivel do curso sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres en base ás secuencias harmónicas traballadas durante o curso.

CE-R1/CE-R3 Realizar fragmentos rítmicos ou rítmico-melódicos, que inclúan os compases do nivel (*), polirritmias (3:2 2:3 en varios pulsos binarios ou ternarios), novas grafías e valores atípicos, con regularidade do pulso, **fluidez na lectura de notas nas diferentes claves (Sol en 2ª e Fa en 4ª*),interpretación correcta das fórmulas rítmicas e da acentuación, articulación e fraseo (*).**

CE-R2. Realizar correctamente os diferentes compases (*) e equivalencias indicadas (*), atendendo ás indicacións do tempo ou metronómicas (*).

CE-R4. Ler a primeira vista exercicios nos compases do trimestre e coas fórmulas rítmicas do curso, incluíndo grupos irregulares, novas grafías e valores atípicos, con continuidade no pulso, precisión rítmica, con exactitude nos cambios de compás e equivalencias, mantendo o pulso durante períodos de silencio, con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas e interpretando tódolos signos que afecten ao tempo, carácter, agóxica e dinámica.

CE-R5 Improvisar estruturas rítmicas do nivel do curso sobre unha proposta previa.

CE-A1. Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...).

CE-A2. Recoñecer a través da audición e a lectura as estruturas harmónicas básicas, cadencias, escalas tonais, modais, acordes e intervalos.

CE-A3. Recoñecer e reproducir correctamente por escrito fragmentos musicais a unha voz ou a dúas voces.

CE-T.1 Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.

CE-T2.1 Saber aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos. Coñecer os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas, modo, compás, cambios de compás e equivalencias, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres…)

CE-T.2.2 Saber aplicar correctamente os contidos adquiridos durante o curso nas partituras do seu repertorio instrumental.

CE-Act1 Valorar o respecto polos Espazos de Aprendizaxe e asumir como propias actitudes acordes cos valores do centro.

CE-Act2 Amosar a adquisición de estratexias de estudo que permitan resolver as situacións de aprendizaxe creadas na aula.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible en cada un dos aspectos marcados como **CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE(*)**

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Os criterios marcados con (*) no apartado 6.6.3., son considerados criterios mínimos para superar o curso.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase **unha avaliación inicial**, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- **Observación directa e seguimento nas sesións de clase**, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación. O profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** e rúbrica de avaliación (ver anexo 9.7).
- Probas puntuais de nivel, obrigatorias para o alumnado que non supere o 5 no trimestre e opcionais para o resto, a criterio do profesorado (ver anexo 9.7).

  Estas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada polo profesor. **A asistencia a estas probas terá carácter obrigatorio para o alumnado que non superase a cualificación de 5**

sobre 10 no trimestre. O alumnado será informado da data de exame cunha semana de anterioridade, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario designado polo profesor.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

Criterios de cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes (anexo 9.5, 9.6)

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

27 % LECTURA RÍTMICA

27 % ENTOACIÓN

18 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO

18 % TEORÍA

10 % ACTITUDE ANTE A MATERIA

Tendo en conta os criterios de cualificación, a cualificación trimestral xeral será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación (50%) e a aplicación da rúbrica de avaliación continua (Anexo 9.6), nos casos precisos, coas evidencias recollidas no caderno do profesor/a na súa observación na aula (50%).

Esta porcentaxe aplicarase soamente no caso de ter acadados os mínimos esixibles e obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso de non superar esta condición levaranse a cabo as probas puntuais para a súa posible recuperación.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais (con decimais) axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Posto que os resultados das avaliacións se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación arredondarase:

-con decimais iguais ou superiores a 5, arredondarase ao n.º superior.

-con decimais inferiores a 5, arredondarase ao n.º inferior.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en catro partes (ver anexo 9.1.6): lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica, que avaliarán os contidos establecidos no curso no que o alumno estea inicialmente matriculado.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.6.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas considerananse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para

dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba de avaliación constará de catro partes: lectura rítmica, entoación, proba auditiva e proba teórica (ver Anexo 9.1.6). Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN:30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia. Levarase a cabo a partir do 20 de xuño.

A proba de avaliación constará de catro partes: lectura rítmica (ver anexo 9.1.6) , entoación, proba auditiva e proba teórica (ver Anexo 9.1.4). Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase: no caso da entoación e lectura rítmica, segundo as rúbricas de avaliación puntual dos anexos; nas probas escritas de audición e teoría, segundo a puntuación que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

ENTOACIÓN: 30%

LECTURA RÍTMICA: 30%

AUDICIÓN: 20%

TEORÍA: 20%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexo 9.7).

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

6.6.5 Recursos didácticos

O libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos son os métodos dos autores María Victoria Robles Martín e Gabriel Robles Ojeda: Enseñanza Profesional. Nuevo Lenguaje Musical II. Ediciones Si bemol S. L.

Cadernos de teoría de Ibáñez-Cursá, 2º de grao medio, Real Musical.

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Linguaxe Musical deixarase constancia deste seguimento así como de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

Ademais, ao remate de cada trimestre, recolleranse os datos puntuais das tres avaliacións, realizándose as porcentaxes para avaliar os resultados

É función do departamento didáctico participar no seguimento mensual, cando menos, da programación didáctica, e elaborar, rematado o curso escolar, unha memoria anual na que se avalíe a súa aplicación.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, unha análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así como sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

9. ANEXOS

9.1 Probas puntuais

Trátase de probas de nivel para o alumnado que non supere a avaliación continua.

9.1.1 Curso 1º Grao Elemental

ENTOACIÓN:

Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, a emisión, a identificación e correcta afinación do sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a do arpexo e interválica, do modo maior ou menor, da escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter. Valorarase o maior ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen illar os distintos aspectos citados.

LECTURA RÍTMICA:

Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol e/ou Fa cos contidos do curso recollidos no punto 6.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás, a fluidez na lectura de notas en clave de sol e de fa, e a realización das indicacións de dinámica e agóxica. Valorarase o maior ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen illar os distintos aspectos citados.

TEORÍA:

Proba onde se avalíe a aplicación práctica dos coñecementos teóricos, recollidos no punto 6.1.2. De forma oral ou escrita. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

AUDICIÓN:

Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 6.1.2. recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de ton e semitón, ditado rítmico, ditado melódico. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

9.1.2 Curso 2º Grao Elemental

ENTOACIÓN:

Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol e Fa e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.2.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, a emisión, a identificación e correcta afinación do sentido ascendente ou descendente e

sucesión de sons iguais, a do arpexo e interválica, do modo maior ou menor, da escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter. Valorarase o maior ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen illar os distintos aspectos citados.

LECTURA RÍTMICA:

Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol e/ou Fa cos contidos do curso recollidos no punto 6.2.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás, a precisión nas equivalencias, a fluidez na lectura de notas en clave de sol e de fa, e a realización das indicacións de dinámica e agóxica. Valorarase o maior ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen illar os distintos aspectos citados.

TEORÍA:

Proba onde se avalíe a aplicación práctica dos coñecementos teóricos, recollidos no punto 6.2.2. De forma oral ou escrita. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

AUDICIÓN:

Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 6.2.2. recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de ton e semitón, ditado rítmico, ditado melódico. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

9.1.3 Curso 3º Grao Elemental

ENTOACIÓN:

Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol, con ou sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.3.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, a emisión, a identificación e correcta afinación do sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a do arpexo e interválica, do modo maior ou menor, da escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter. Valorarase o maior ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen illar os distintos aspectos citados.

LECTURA RÍTMICA:

Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol e/ou Fa cos contidos do curso recollidos no punto 6.3.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura de notas en clave de sol e de fa horizontal e vertical, e a realización das indicacións de dinámica e agóxica. Valorarase o maior ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen illar os distintos aspectos citados.

TEORÍA:

Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 6.3.2. De forma oral ou escrita. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

AUDICIÓN:

Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 6.3.2. recoñecemento de compases, modalidade, tonalidades ata 4 alteracións, interválica, identificación de melodías, recoñecemento de ton e semitón , ditado rítmico, ditado melódico. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

9.1.4 Curso 4º Grao Elemental

Estas probas puntuais terán carácter obrigatorio para todo o alumnado de 4º Grao Elemental supere ou non a avaliación continua.

ENTOACIÓN

Repentización dun exercicio de entoación: Entoación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.4.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LECTURA RÍTMICA:

Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, ou outros cambios de clave correspondentes aos contidos do curso recollidos no punto 6.4.2, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das indicacións de dinámica e agóxica.

TEORÍA:

Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 6.4.2. De forma oral ou escrita. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

AUDICIÓN:

Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso: recoñecemento de compases, modo maior ou menor, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

9.1.5 Curso 1º Grao Profesional

ENTOACIÓN:

Repentización dun exercicio de entoación. Entoación a primeira vista dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.5.2. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LECTURA RÍTMICA:

Repentización dun exercicio de lectura rítmica articulada en clave de Sol e Fa na 4ª liña, ou outros cambios de clave correspondentes aos contidos do curso recollidos no punto 6.5.2., que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, o emprego de novas grafías en compases tradicionais e ritmos atípicos.

AUDICIÓN:

Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a dúas voces.

TEORÍA:

Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 6.5.2.De forma oral ou escrita. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

9.1.6 Curso 2º Grao Profesional

ENTOACIÓN:

Repentización dun exercicio de entoación. Entoación a primeira vista dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 6.6.2. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

LECTURA RÍTMICA:

Repentización dun exercicio de lectura rítmica articulada en clave de Sol e Fa na 4ª liña, ou outros cambios de clave correspondentes aos contidos do curso recollidos no punto 6.6.2., que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, o emprego de novas grafías en compases tradicionais e ritmos atípicos.

TEORÍA:

Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 6.6.2. De forma oral ou escrita. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

AUDICIÓN:

Proba auditiva que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a dúas voces.

9.2 Probas de acceso a 1º Grao Profesional

O exercicio teórico-práctico constará de catro partes nas que se valorará a capacidade de comprensión auditiva, de entoación, de realización rítmica e lectura de notas dos aspirantes, así como os seus coñecementos teóricos.

As probas de lectura rítmica e entoación serán individuais e realizaranse despois da proba instrumental. O aspirante terá uns minutos para a preparación destes exercicios. Durante ese tempo o aspirante non poderá empregar axuda de ningún tipo, soamente se permitirá o emprego do diapasón. As probas sobre os coñecementos teóricos e a capacidade auditiva terán carácter escrito e poderanse realizar en grupos. Ao comezo das mesmas indicarase o tempo máximo para a súa realización. Os aspirantes deberán asistir a estas probas provistos de lapis, goma e bolígrafo azul. Permitirase o uso do diapasón para a realización do ditado rítmico-melódico e o exercicio de entoación.

LECTURA RÍTMICA

Repentización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, empregando as figuracións rítmicas reflectidas nos contidos da proba, así como articulacións e dinámicas.

ENTOACIÓN

Entoación a primeira vista dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa nunha tonalidade de ata 4 alteracións, con posibilidade de modulación a tono veciño ou homónimo, emprego dos tipos de escalas diatónicas maiores ou menores, pentatónica, hexátona ou cromática. O aspirante entoará o exercicio sen axuda do piano. O tribunal poderá darlle algún son de referencia en caso de que o aspirante perda a referencia tonal durante a súa realización.

PROBA ONDE SE AVALÍEN OS COÑECEMENTOS TEÓRICOS

Proba escrita que consistirá na resolución dunha serie de exercicios sobre os contidos teóricos. A proba poderá constar de exercicios de identificación ou construción de: intervalos en número e especie e a súa inversión, tipos de escalas diatónicas e outras escalas, tipos de acordes e o seu estado, tonalidades, graos tonais e modais, tipos de semitóns, enharmonías e cadencias, exercicio de análise dunha partitura ou fragmento onde se identifiquen tanto os contidos anteriores coma a súa forma, análise harmónica e identificación de notas estrañas, ou calquera outro exercicio relacionado cos contidos anteriormente indicados.

PROBA ONDE SE AVALÍE A CAPACIDADE AUDITIVA

Proba escrita que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Antes de comezar o ditado, o profesor tocará o La 440, o esquema harmónico I-IV-V- I da tonalidade do ditado e o pulso. A continuación, poderase escoitar o exercicio enteiro para deducir o compás e logo por fragmentos. O profesor/a tocará 4 veces cada fragmento. Entre fragmento e fragmento, tocará os enlaces. Finalmente o profesorado interpretará o ditado rítmico-melódico enteiro de novo.

Contidos

As probas incluirán contidos dos cursos de grao elemental anteriores ao que se accede, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal. Estes contidos están detallados nas programacións didácticas de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal dispoñibles na web do centro.

Criterios de avaliación e cualificación

Executar con corrección fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas.

Manter o pulso durante períodos de silencio.

Interpretar con precisión as equivalencias nos cambios de compás e identificalos auditivamente.

Interpretar con precisión os cambios de acentuación producidos polo debuxo rítmico.

Entoar, con precisión na afinación, e aplicando as indicacións expresivas presentes na partitura, unha melodía ou canción tonal con acompañamento ou sen el.

Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.

Identificar auditivamente e reproducir por escrito os ditados de dificultade acorde ao nivel.

Identificar intervalos melódicos e/ou harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio.

Identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala.

Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.

Expresar por escrito os conceptos teóricos e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.

A cualificación final da proba será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

- 30% Lectura rítmica. Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica

nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das articulacións e indicacións de dinámica e agóxica.

• 30% Entoación. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, identificación das modulacións se as houbese e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

• 20% Desenvolvemento auditivo. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

• 20% Teoría. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos)

9.3 Probas de acceso a outros cursos

9.3.1 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º Grao Elemental

A proba constará de catro partes nas que se valorará a capacidade de comprensión auditiva, de entoación, de realización rítmica e lectura de notas dos aspirantes, así como os seus coñecementos teórico-prácticos.

1. Lectura rítmica

Repentización dun exercicio en clave de Sol (tamén na clave de Fa en 4ª liña para os accesos a 3º e 4º),que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia (agás no acceso a 2º), empregando as figuracións rítmicas reflectidas nos contidos da proba, así como articulacións e dinámicas.

2. Entoación

Entoación a primeira vista dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos dos cursos anteriores aos que se acceda. O tribunal poderá darlle algún son de referencia en caso de que perda a referencia tonal durante a súa realización.

3. Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos

Proba escrita que consistirá na resolución dunha serie de exercicios sobre os contidos teóricos. A proba poderá constar de exercicios de identificación ou construción de: compases, figuras e silencios e fórmulas rítmicas (acceso a 2º g.e.), coñecemento dos termos de tempo, dinámica e agóxica, intervalos en número (acceso a 2º g.e.) e especie (acceso a 3º e 4º) e a súa inversión, tonalidades, tipos de escalas diatónicas e outras escalas, tipos de acordes e o seu estado, graos tonais e modais, tipos de semitóns, enharmonías e cadencias, exercicio de análise dunha partitura ou fragmento onde se identifiquen tanto os contidos anteriores coma a súa forma, análise harmónica e identificación de notas estrañas, ou calquera outro exercicio relacionado cos contidos anteriormente indicados.

4. Proba onde se avalíe a capacidade auditiva

Proba escrita que incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Antes de comezar o ditado, o profesor tocará o La 440, o esquema harmónico I- IV- V- I da tonalidade do ditado e o pulso. A continuación poderase escoitar o exercicio enteiro para deducir o compás, e logo por fragmentos. O profesor tocará 4 veces cada fragmento. Entre fragmento e fragmento, o profesor tocará os enlaces. Finalmente o profesor interpretará o ditado rítmico-melódico enteiro de novo.

Contidos

As probas incluirán contidos dos cursos de grao elemental anteriores ao que se accede, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal. Estes contidos están detallados nas programacións didácticas de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal dispoñibles na web do centro.

Criterios de avaliación e cualificación

Executar con corrección fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas.

Manter o pulso durante períodos de silencio.

Interpretar con precisión as equivalencias nos cambios de compás e identificalos auditivamente.

Interpretar con precisión os cambios de acentuación producidos polo debuxo rítmico.

Entoar, con precisión na afinación, e aplicando as indicacións expresivas presentes na partitura, unha melodía ou canción tonal con acompañamento ou sen el.

Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.

Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados de dificultade acorde ao nivel.

Identificar intervalos melódicos e/ou harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio.

Identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala.

Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.

Expresar por escrito os conceptos teóricos e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.

Criterios de cualificación

A cualificación final da proba será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

30% Lectura rítmica. Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos

cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das articulacións e indicacións de dinámica e agóxica.

30% Entoación. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, identificación das modulacións se as houbese e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

20% Desenvolvemento auditivo. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

20% Teoría. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. As puntuacións definitivas obtidas polo alumnado nas probas de acceso a calquera dos cursos do grao elemental axustaranse á cualificación numérica de 1 a 10, ata un máximo dun decimal.

Criterios de corrección

Os exercicios de lectura rítmica e entoación serán corrixidos conforme a rúbrica correspondente (ver anexo).

Os criterios de corrección dos exercicios escritos (teoría e audición) de cada exercicio figurarán nos seus enunciados.

Observacións

